

A obra de

CASTELAO

no

MUSEO DE PONTEVEDRA

Xosé Manuel Castaño García



Guía Didáctica

© MUSEO DE PONTEVEDRA

Deseño e Maquetación:
Xosé Manuel Castaño García

Imprime:
Litosprint, S.L.

Depósito legal:
PO- 80/99

I.S.B.N.:
84-89690-68-5

Dentro do programa de actividades do Gabinete Didáctico do Museo de Pontevedra, a obra de Castelao recibiu sempre un trato destacado. Pola súa sala pasaron moitos grupos de estudantes que traballaron dunha forma activa mediante as follas didácticas elaboradas para que o alumnado observase detidamente a obra exposta.

Como complemento deste material de traballo, esta guía informativa, publicada mercé o patrocinio de CAJA MADRID, quere manter o recordo das obras vistas no Museo e ser un instrumento de consulta que axude a coñecer a faceta artística de Castelao, dentro do seu compromiso con Galicia.


XOSÉ CARLOS VALLE PÉREZ
Director do Museo de Pontevedra

Ó longo desta guía didáctica faremos un percorrido pola obra de Castelao que se garda neste Museo. Verás que se trata dunha colección moi numerosa iniciada a comezos dos anos trinta, cando o propio artista lle entregou algúns dos seus traballos. Ten en conta que o Museo de Pontevedra creouse en 1927 e que Castelao foi un dos seus fundadores.

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao naceu en Rianxo o 30 de xaneiro de 1886 no seo dunha familia modesta. Seu pai era un mariñeiro que tivo que emigrar, nada máis nacer o seu fillo, á Arxentina, onde iría facendo unha pequena fortuna. Pasados nove anos, o rapaz e a súa nai marcharon a reunirse con el.

Dende entón poderíamos esquematizar a súa vida deste xeito:

1895-1900	<i>Estancia na Arxentina.</i>
1900-1909	<i>Estudia en Santiago bacharel e logo medicina.</i>
1910-1916	<i>Instálase en Rianxo e exerce como médico. Casa en 1912 na Estrada.</i>
1916-1936	<i>Vive en Pontevedra coa breve paréntese do seu desterro en Badaxoz.</i>
1936-1939	<i>Como consecuencia da Guerra Civil estará en Madrid, Valencia, Barcelona, Nova York e Cuba.</i>
1940-1950	<i>Residirá na Arxentina ata a súa morte (2-1-1950). <small>Agás da estancia dun ano en París (1946-47), como Ministro do Goberno da República no exilio.</small></i>




Dende a súa época de estudante en Santiago, fixo moitas caricaturas e autocaricaturas que o farían célebre. Vémolo aquí na compañía da súa dona.


Castelao casou en 1912 con Virxinia Pereira: a filla dun coñecido avogado da Estrada. Casounos o cura e poeta Antonio Rey Soto, quen era moi amigo de Castelao. No Museo temos varias referencias desta amizade.

Velaí algunhas das caricaturas de persoeiros célebres que representou.

Caricatura de Rey Soto para o seu libro de poemas e dedicatoria do escritor.



Castelao dicía: A caricatura non consiste en esaxerar os rasgos, senón en recoller os esenciais de cada individuo.



Vicente Risco

Antón Losada Diéguez



Basilio Álvarez, crego, xornalista e grande líder do movemento campesiño de Galicia, foi outro dos amigos de Castelao.



Ademais das caricaturas, representaría outros temas nos que sobre todo trataría os problemas da Galicia campesiña e mariñeira da súa época. A inxustiza, a emigración, o caciquismo, o réxime foral, a miseria, os costumes, as crenzas e a forma de ser da xente ... serán os principais motivos dos seus traballos.

O home que non sabe porqué a balanza é un símbolo da xusticia




Emigración



A muller que quixera ser home para poder xurar




O home que aínda confía no porvir.



-E na banda d' alá pagan foros?
-Non; alí non é España, alí xa é Portugal.



O home que perdeu a fe nos homes



Non tratou, pola contra, ningún dos asuntos que estaban de actualidade no mundo daquel tempo. Por exemplo, non fixo debuxos sobre a Primeira Guerra Mundial, que durou dende 1914 a 1918, nin da Revolución Rusa.

O motivo da emigración foi moi repetido. Imos observar algúns exemplos.

Publicado en:
El Sol
Madrid




AS NAICIÑAS
- ¡Meu irmanciño terá que sair dos nosos
eidos para ganalo pan!... ¡Probiño!



¿E porqué queres ir pr' América?
¿Non temos sempre o forno cheo, a
Dios gracias?

Publicado en:
La Voz de Galicia
de Bos Aires. 1915

Álbum NÓS



-E para que qués largar da Terra?
¿Non temos pan no forno?



Por gañar un pouquiño máis de diñeiro,
Farruco chega tarde para revivir.

Publicado en:
Galicia
Diario de Vigo
1923

Orixinal no
Museo de Pontevedra



O home que en dez anos de América
ganou para un enterro de primeira



Eu non quería morrer alá
¿sabe meu pai?

Sala Castelao
Museo de Pontevedra

Nestes debuxos podemos ver a evolución dende o meniño que non sabemos se chegaría a emigrar, aínda que non é difícil imaxinalo, ó mozo que a pesar dos consellos parece soñar con facer fortuna e ó emigrante que regresa fracasado, cando menos dende o punto de vista da saúde.

Os seus deseños, como adoitaba chamar ós seus debuxos, saían publicados en revistas e xornais. Tiñan así unha ampla difusión, facéndoo moi coñecido e popular.

Comezaría na revista *Vida Gallega*, na que colaboraría nos once primeiros números. Estes debuxos querían divertir máis que reflectir os problemas das xentes da súa época e por iso rexeitaraos algún tempo despois.

Ó ano seguinte sería o director gráfico de *El Barbero Municipal*.




Vida Gallega é unha revista que se publicou en Vigo dende 1909 a 1938. Ofrécenos multitude de fotografías da Galicia deses anos.

Na Biblioteca do Museo podes consultar case tódolos números.



El Barbero Municipal é un semanario de Rianxo editado entre 1910 e 1914. Foi creado para atacar ó bando contrario ó do pai de Castelao. No Museo consérvanse algúns dos seus números.

En 1911 colabora na revista *Mi Tierra de Ourense*. Vemos aquí unha das dúas obras expostas na Sala Castelao, publicadas nela.



Debuxos seus aparecerán nas páxinas de: *A Nosa Terra*, *El Noroeste* (A Coruña 1918-1920), *Galicia* (1922-1926), *El Pueblo Gallego* (1926), *Faro de Vigo* (1926) ..., pero tamén colaborou en xornais ou revistas publicadas en Madrid, como *EL Liberal* (1912), *El Gran Bufón* (1913), *El Parlamentario* (1914), *El Sol* (1918-1922), *La Ilustración Española y Americana* (1915), *La Esfera* (1918).

Os emigrados na Arxentina puideron ollar os seus deseños en *La Voz de Galicia* de Bos Aires ou nas revistas *Suevia* (1916) e *Céltiga* (1916).

Velaí as cabeceiras dalgunhas destas publicacións



A Nosa Terra era un xornal nacionalista escrito integramente en galego. Foi o voceiro das Irmandades da Fala e despois do Partido Galeguista. Publicouse dende novembro de 1917 a xullo de 1936.


Uns catrocentos debuxos saíron case que diariamente no xornal *Galicia*. Recibiron, maioritariamente, os títulos de "Caricaturas de Castelao" ata xullo de 1923, e "Cousas da Vida", dende esta data.

Será neste xornal e logo no *Faro de Vigo* onde se publicaron máis deseños de Castelao.




Debuxo de Castelao para anunciar o xornal coruñés *El Noroeste*

Castelao tamén foi un deseñador gráfico. Entre outras obras hai que destacar a revista *Nós*, para a que fai a capa, a cabeceira das páxinas, as letras e diversos elementos decorativos.




Nós foi o boletín mensual da cultura galega. Naceu en Ourense en 1920 sendo Castelao o seu director artístico.

A capa do primeiro número non tiña ningún debuxo, como ocurrirá a partir do número dous. No número dez cambiouse o deseño.



Os seus debuxos tamén foron recollidos en álbumes e libros, ás veces ilustrando algunha das obras literarias que escribiu.





O nº 7 da revista *Céltiga* recolle un relato curto de Castelao titulado *UN OLLO DE VIDRO*. Cóntanse nel as andanzas dun esqueleto que coa axuda dun ollo de cristal pode ver e deixar testemuña do mundo dos mortos.

A cuberta e as páxinas interiores levan ilustracións feitas por Castelao coa técnica da linoleografía, da que falaremos máis adiante.

En 1926 saíu o primeiro libro de *COUSAS* e en 1929 o segundo. Aparecen neles uns relatos coas súas correspondentes ilustracións. No Museo contamos cos debuxos orixinais.

O bruxo da montaña
Segundo libro de *Cousas*



Camiño esquecido
Primeiro libro de *Cousas*

Chegou das Américas un home rico
Segundo libro de *Cousas*

A ponte vella
Primeiro libro de *Cousas*



E sobre todo coa capa, un boísimo exemplo da pegada que a arte modernista deixou no artista.



O Modernismo foi un movemento artístico de fins do s. XIX e principios do s. XX. Caracterízase polo seu aspecto decorativo inspirado na natureza.

Aínda que se trata dun estilo urbano, Castelao adaptouno para algunhas das súas obras de temática campesiña.

Para este estilo o libro debía ser, con independencia do seu contido, moi atractivo no seu aspecto material. Por iso Castelao lle prestou moita atención á presenza física dos seus libros. Este é o mellor exemplo.

En realidade os debuxos veñen sendo un instante da narración. Vexamos o caso de "Ramón Carballo" e "O pai de Migueliño"



I
Cando eu era rapaz chegou Ramón Carballo; viña con chaqueta de tarazona forrada de baeta vermella e unha gorra con visera de caréi, como veñen os que van a navegar. Tamén traía o peito tatuado, que ben lle mirei eu un paxaro cunha carta no peteiro e o seu nome debaixo.

Lémbrome que Ramón Carballo foi a Bós-Aires e volveu sen cartos. Logo foi á Habana e non trouxo diñeiro. Despois foi a New York e volveu tan probe como fora. Ramón Carballo aínda foi a non se sabe ónde e non volveu máis.

II

Eiquí compría escribir unha novela; pero eu son home de ben e non debo contar o que non sei. Pero novela haina.

III


M. Lavalet gana o seu pan vendendo restos humanos. M. Lavalet é un home arrepiante: ollos roxos de vidro, cabelos mortos de peluca vella, rasgos secos de suor luxado na testa, friaxe de ter nas mans e nos beizos a sustancia de moitos venenos.

Iste home vive no terceiro piso dunha rúa estreita de París.

Un día chaméi cos cotelos á porta e entréi... Unha sala chea de osos humanos, algúns aínda frescos, compoñía o comercio para médicos. Na sala de curiosités, para cosmopolitas, había moitas cousas: un feto momificado ollándose o embigo, unha caveira de gorila coa súa cresta de casco guerreiro, a pelexa da cabeza dun chino para sere colocada nunha armadura de escaiola.

Cando M. Lavalet soupo que eu era pintor amostróume unha gran colección de coiros humanos tatuados e curtidos para facer petacas, carteiras...

Un dos coiros era do peito dun home, representando un paxaro cunha carta no peteiro e debaixo do deseño campaba iste nome: Ramón Carballo.



O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados cómo era o seu pai; pero denantes de saír da casa botoulle unha ollada ó retrato.

Os americanos xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirán do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas, en procura do pai ensoñado.

De súpeto avistóuno de lonxe. Era o mesmo do retrato, ou aínda mellor portado, e Migueliño sinteu por il un grande amor e canto máis se achegaba o americano, máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. Ai, o americano pasou de largo sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de querelo.

Agora sí, agora sí que o era. Migueliño avistóu outro home moi ben traxeado e o corazón dáballle que aquel era o seu pai. O rapaz debecíase por bicalo a faltar. ¡Tiña un porte de tanto señorío! Ai, o americano pasou de largo e nin tan siquera reparou que o seguían os ollos angurentos dun neno.

Migueliño escolléu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente.

E cando esculcaba con máis anguria fíxose cargo de que un home estaba abrazando á súa nai. Era un home que non se parecía ó retrato; un home moi flaco, metido nun traxe moi floxo; un home de cera, coas orellas fora do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo ...

Aquel sí que era o pai de Migueliño.


En 1930 publica **CINCOENTA HOMES POR DEZ REÁS**. Os cincuenta debuxos, feitos a pluma sobre cartolina, están neste Museo. Velaí algúns deles




Ademais deste exemplar adicado a Sánchez Cantón, a biblioteca do Museo conta con outro adicado por Castelao a Antón Iglesias Vilarelle.




O home á quen lle ofreceron unha labazada e púxoselle bermello un lado da cara.



O home que escribe á máquina as cartas de amor



O home rico en pesetas que regala céntimos para ir ó Ceo.



O home que sabe moitas leises para facer moitas trampas.



O home que non sabe en que hora vive.



O home que non anda en automóvil por medo.


O vinte de marzo de 1931 rematouse de imprimir en Madrid o *ÁLBUM NÓS*. Constitúe unha peza fundamental na obra gráfica de Castelao.

No prólogo, escrito á man, o autor deixa clara a súa intención. Poderíamola resumir dicindo que trata de reflectir a problemática do mundo rural e mariñeiro de Galicia aínda que estas imaxes teñan, en ocasións, unha grande dureza.

Os debuxos xa foran exhibidos algo máis de dez anos antes, en exposicións celebradas en diferentes lugares de Galicia, acompañadas de conferencias do autor e doutros persoeiros do grupo Nós.



Dou seu fillo para Cuba e o seu neto para Melilla; máis agora non ten cartos para pagal-os trabucos. Quedará sen chouza



Non son pastores de Belén; son labregos que van pagar os foros.

Algúns deles, ou versións semellantes, saíran publicadas en *A Nosa Terra* ou no xornal madrileño *El Sol*.



Non quero ir porque o escolante pégame a escola cheira que fede

Non se coñece o paradiro do álbum orixinal. O Museo de Pontevedra conta cun dos tres exemplares especiais que se tiraron. É o que pertenceu a Sánchez Cantón. Os outros dous foran un para Castelao e o outro para a súa familia de Rianxo.

Practicamente igual á lámina nove do álbum é o debuxo a pluma e augada que se expón na Sala Castelao. A lenda é tamén a mesma.



Lámina 9. Album Nos



¡Canto pesa e como fede!

Obsérvanse máis diferencias na versión publicada no xornal *El Sol*.



Retrincos é un libro de contos editado en Santiago pola Editorial Nós en 1934. Presenta cinco relatos, ós que Castelao dá un carácter autobiográfico. As ilustracións deste libro son de Maside e non do propio autor, polo que non se inclúen aquí.

Neste mesmo ano publica Castelao a súa novela titulada *OS DOUS DE SEMPRE*. O Museo conserva os debuxos que serviron para ilustrar as súas páxinas.




Castelao foi elixido deputado por segunda vez en febreiro de 1936 (como representante do Partido Galeguista encadrado dentro do Frente Popular). Estaba en Madrid, presentando nas Cortes o Estatuto de Autonomía para Galicia, cando se produciu o comezo da Guerra Civil.

Ante a situación creada como consecuencia do avance da guerra, o Goberno da República trasládase a Valencia. Alí reúne ós intelectuais e ós artistas para que co seu traballo contribúan á propaganda da República.

Castelao participa nesta tarefa cuns debuxos nos que amosa distintas situacións dunha grande dureza e crueldade. Sairán publicados en tres álbumes.

No Museo de Pontevedra gárdanse os debuxos orixinais que compuxeron estes tres álbumes. Trátase de trinta e unha obras que foron expostas na Unión Soviética, nos Estados Unidos ou en Cuba, pois serviron como propaganda política da República Española no exterior. Velaí dous debuxos de cada un destes álbumes.



GALICIA MÁRTIR foi o primeiro dos tres álbumes. Editado en Valencia en 1937, as súas láminas xa saíran publicadas na prensa.


"Galicia mártir"
estampas
por
Castelao.

As lendas en galego que acompañaban ós debuxos foron traducidas ó castelán, francés, inglés e tamén o sueco no caso de **ATILA EN GALICIA**, segundo álbum editado igualmente en Valencia no mesmo ano. En ambos casos móstrase, con grande crudeza, a represión producida polo bando contrario.



Atila en Galicia
Estampas
por
Castelao

O álbum **MILICIANOS** foi editado en Nova York en 1938. Nos seus debuxos faise unha homenaxe ós combatentes que defenderon á República. Neste caso as lendas só están traducidas ó castelán e ó inglés.





Milicianos
por
Castelao

Das características destas obras referirémonos noutro apartado desta guía didáctica

Como consecuencia da guerra, Castelao rematará exiliado na Arxentina, onde morre en 1950. Nese intre está na imprenta o seu libro *AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA*.

Este traballo foi terminado de redactar en 1946, pero xa comezara había moitos anos. Así, en 1934 tivo lugar o seu ingreso na Real Academia Galega pronunciando un discurso titulado *As cruces de pedra na Galiza*. Uns anos antes (1929) fixera unha viaxe por Bretaña para estudar as súas cruces en relación coas galegas.

Conta o Museo cos orixinais desta publicación. Están dende os debuxos e as primeiras notas manuscritas ata a composición final, pasando polas sucesivas modificacións.




Cruces e cruceiros eran daquela monumentos esquecidos e pouco valorados. Castelao debuxaraos e fará un profundo estudio.

En 1929 Castelao fixera unha viaxe pola Bretaña para estudar as cruces e cruceiros desa parte de Francia con moitos trazos semellantes a Galicia. Serviulle de distracción despois da morte do seu único fillo en 1928.

O estudio foi publicado en Pontevedra no ano 1930 polo Seminario de Estudos Galegos.

Velaí dous debuxos do *Álbum de Bretaña*, conservado no Museo.



Deixamos aquí as obras que foron publicadas polo seu creador para referirnos a outras que non tiveron esta finalidade e a diversos aspectos relacionados coa súa actividade artística.


CASTELAO EN PONTEVEDRA

Ó non estar a gusto coa súa profesión de médico en Rianxo, Castelao presentouse a unha oposición para funcionario do corpo de estatística en 1915. Ó aprobala foi destinado a Pontevedra, onde permaneceu ata 1936. O comezo da Guerra Civil impediría o seu regreso a esta cidade na que estivo moi a gusto e á que soñaba con poder regresar algún día:

"Eu vivín longos anos de ledicia en Pontevedra, aferrado á fermosura dos seus arredores, como quen non pode desprenderse dos brazos mornos dunha noiva. Eu débolle a Pontevedra o mellor da miña vida... volver a Pontevedra sería o mesmo que recobrar a mocidade perdida... así eu me libraría da vellez con soio pisar terra pontevedresa. Todo, todo, pode acabarse en min, menos o amor que sinto por Pontevedra".

Ademais do seu traballo como funcionario de estatística, dará clases de debuxo no Instituto, primeiro como axudante e logo como profesor auxiliar. Axiña se integrará na vida pontevedresa e contará con moitos amigos, entre eles: Losada Diéguez, Iglesias Vilarelle, Sánchez Cantón, Valentín Paz Andrade, Filgueira Valverde ...

O fillo do marqués de Riestra, organizador dun xantar no Casino en 1918, pediulle a Castelao que fixese unha caricatura no menú de cada un dos asistentes. Este foi o resultado.



Consérvanse no Museo trinta e seis destes menús con caricaturas feitas a pluma.



Os anos de estancia en Pontevedra foron intensos na súa actividade artística. Son os anos nos que se compuxeron e publicaron a maioría das obras xa mencionadas e a serie de debuxos coloreados ós que nos imos a referir noutro capítulo.

É Castelao un dos fundadores da Sociedade Coral Polifónica e do Museo de Pontevedra, do que formou parte do seu Patronato. Ademais é un persoeiro moi coñecido e popular que mantén unha tertulia no Café Moderno e incluso participa como actor afeccionado na película "Mys Ledia", a primeira película con argumento rodada en Galicia.

AS OBRAS EN COR

Castelao tamén usou a cor nas súas obras, sobre todo cando estas non estaban destinadas a saír publicadas de forma inmediata.



Rectoral

En ocasións pintou ó óleo facendo incluso lenzos de grandes dimensións que servían para adornar os salóns públicos. Os temas foron, sobre todo, cegos e emigrantes, que adoita colocar nun primeiro plano sobre unha paisaxe galega.


No Museo non contamos con ningún destes cadros tan grandes, pero si cunha colección de óleos de formato mediano.



Ó contrario do que sucede coa súa faceta como debuxante, Castelao non chegaría a destacar como un grande pintor ó óleo. É posible que a súa deficiencia visual llo impedise ou tal vez que a técnica desta modalidade pictórica esixise unha dedicación que el non lle podía dispensar, pois as súas múltiples actividades non llo permitían.


Polo contrario, amosa unha grande mestría na realización dunhas obras en cor de reducidas dimensións ás que adoita chamar estampas.

Están feitas sobre papel con plumiña e tinta china ou gouache sobre un fondo de acuarela.



O cachoupo

Mediante estes procedementos fará con grande minuciosidade, entre outros, as árbores ou as ondas e a espuma da auga do mar.




O neno das piñas



Vento mareiro


Nestas estampas observamos un gran interese pola cor e a paisaxe. Non se debe esquecer que aínda que a xente é a principal e ás veces única protagonista das súas obras, Castelao expresou o seu gusto pola paisaxe cando dixo: "*E se teño vida quero morrer sendo paisaxista*".



O castiñeiro do val

O Viático é unha das estampas de máis sona. Verás que ten un significado simbólico.

A escena aparece descrita no prólogo do primeiro libro de Cousas, aínda que non constitúe ningunha das súas ilustracións.



"Anoitecía. A silueta negra dun pino dibuxábase no azul escuro do ceo. Todos sabedes que na primaveira os pinos botan milleiros de velas, collendo e así o aspecto de candieiros xigantes. ¡Cantas veces sentimos desexos de alcender as velas dos pinos! Pois ben; perto do meu pino acertou pasar o Viático aldeán (o crego, dous rapaces, catro mulleriñas que van rezando) e jou miragre! o irmán pino, sentindo o momento relixioso i en homenaxe á Sagrada Forma, alcendéu as súas velas, que estiveron acesas namentras o Viático non se perdéu na revolta do camiño".

Este óleo sobre táboa non tiña como misión adornar nunha parede, senón que era a tapa da caixa das pinturas.



OS DEBUXOS DE NEGROS

A década dos vinte fora moi rica no emprego da cor e na produción artística de Castelao. Esta reduciuse pola súa actividade política nos anos trinta, recuperándose coa Guerra Civil. Este acontecemento supuxo a creación das obras excepcionais que foron os seus álbumes de guerra e logo os debuxos de negros.

Os debuxos de negros, firmados en 1939, están feitos en Cuba. A mosan a capacidade do artista para observar e captar as características e expresións dos personaxes, en pleno Carnaval.

Faroleiros na comparsa de entroido



Ritmo afro-cubano



O Bongoceiro



Punto Guaxiro



Todos estes debuxos están feitos a tinta china



Negriño en Nova York

É posible que este debuxo fose tamén feito en Cuba, a partir dun esbozo previo que faría en Nova York.

Na súa estancia en Cuba fixo tamén debuxos, que saíron nos xornais, solicitando o apoio á república española.

Nai e fillo é un deles.
Foi publicado no xornal "Hoy". Acompañábo un texto que requiría axuda; remataba así:

¡Demócratas cubanos, las mujeres y los niños de España necesitan ayuda; envía rápidamente tu donativo"



É posible que fose tamén neste país onde Castelao compuxo este debuxo de Valle-Inclán morto. Cando menos foi publicado en 1938 na *Revista Bimestre Cubana*.



Castelao fora amigo e admirador de Valle-Inclán; representouno en varias ocasións. En xaneiro de 1936 asistiu ó seu enterro e agora en Cuba falará sobre el nunha conferencia.

A Guerra Civil remata cando Castelao está en América. En Nova York non se sente moi a gusto e ten dificultades para poder vivir cos seus propios medios. Atopa que é moi difícil poder manterse, sobre todo como artista, e así o sinala cando di que a arte en Nova York soamente dá millóns, pero é unha lotería que non lle cadra a todos.

Despois de salvados moitos problemas, a finais de xuño de 1940, embarca rumbo a Bos Aires. Conseguira das autoridades arxentinas permiso para instalarse alí, gracias á súa condición de antigo residente.

É en Bos Aires en 1940 cando Castelao realiza a serie "Faunalia". Son debuxos de temática mitolóxica. A paisaxe recorda a Galicia.



Fauno

OS MEUS COMPAÑEIRO

En Bos Aires, entre 1940 e 1941, fará outra das grandes obras. Trátase da serie titulada "Os meus compañeiros", catro debuxos grandes onde volve a representar cegos, un tema repetido en diversas ocasións, pois o artista sempre tivo problemas na vista.



Cegos á porta da ermida



O cego



A familia do cego



Como na parábola de Pieter Brueghel

Sobre unhas paisaxes galegas, ás que nunca poderá regresar, dispón Castelao as figuras dos cegos en primeiro plano e en grandes dimensións, como fai habitualmente. Esta é unha característica de Brueghel, un pintor do século XVI que influíu moito na súa obra.

Foi tal a impresión que lle causaron as obras deste artista que un dos debuxos desta serie está inspirado nunha obra súa na que se representa a parábola do Evanxeo que di: "*Se un cego guía a outro os dous caerán na mesma fochanca*".


Castelao na viaxe que fixera en 1921 pegou no seu diario unha postal desta obra á beira da cal escribiu uns comentarios de admiración cara a ela, en oposición á arte vangardista que estaba tamén a ver.



A GRAVURA

A viaxe de 1921 servíralle a Castelao para aprender unha técnica de gravado denominada linoleografía. Con ela faría ilustracións para libros, revistas e carteis.

Este cartel ou as ilustracións de *Un ollo de vidro*, fixéronse con esta técnica que Castelao introduciu en Galicia, dándoa a coñecer a outros artistas.




A linoleografía é un procedemento similar ó gravado sobre madeira. A diferenza está en que a prancha sobre a que se grava non é deste material senón de linóleo, un produto que era empregado como cuberta para os pavimentos.

Como no caso da gravura sobre madeira, as zonas que van ficar en branco son desbastadas, mentres que sobresairán aquelas onde se depositará a tinta que pasará ó papel. As gubias empregadas por Castelao para este traballo están expostas a carón doutros obxectos persoais.

As vantaxes que proporciona son debidas a que é máis brando e compacto, non ten irregularidades ou que se poden facer correccións. É un procedemento moi apropiado para ilustrar libros, revistas ou carteis, pero os motivos representados han ser moi sinxelos.

O ESTILO

O estilo de Castelao non sempre foi o mesmo e por iso, ó referirse á súa obra, fálase, segundo o momento, de modernismo, arte xaponés, expresionismo ou realismo. En calquera caso, foi un artista autodidacta que non quixo facer unha arte vangardista, senón que fose entendida e popular.



Capa de Vida Gallega

Pouco tempo despois irá renunciando a estes temas festeiros e ó mesmo tempo as súas imaxes, por influencia da estampa xaponesa e do modernismo, vanse enchendo de pormenores ou pequenos detalles.

Ó principio trataba uns temas que tiñan como finalidade divertir. Representaba, como facían outros artistas daquela época, costumes e feitos anecdóticos.

Nestes traballos, sen embargo, xa se pode apreciar unha das características do seu estilo: a súa grande capacidade para simplificar.

Empregaba cores planas e predominaba o debuxo.



En 1916 funda, con outros intelectuais galegos, As "Irmandades da Fala". Daquela, a súa actividade artística vai reflectir a problemática da Galicia campesiña e mariñeira. Castelao será entón o mellor propagandista do galeguismo.



As súas imaxes vanse simplificando. Adoitan presentar un debuxo sinxelo, pois están destinadas á súa reprodución gráfica en xornais ou revistas. As figuras están feitas cunha liña continua e os decorados son moi esquemáticos.




A paisaxe non se come, meu vello

Nos Álbumes de Guerra vese un estilo moi diferente. Trátase duns debuxos realistas. Non son as ilustracións compostas a base de liñas sinxelas, que representaban os elementos esenciais dos personaxes, senón uns debuxos nos que predomina o sombreado, o claroscuro ou logo as tonalidades negras.

-Van a matarnos pero venceremos
(Galicia Mártir)



O paraíso feixista
(Atila en Galicia)



Antitanquista
(Milicianos)

Na serie "Os meus compañeiros" acada o artista o cume do realismo.

Este débese entender en canto ás características do debuxo, un debuxo a lapis moi minucioso, como se ve nestes detalles.



Na maioría das obras de Castelao aparece unha lenda que é moi importante para poder entender plenamente o debuxo. Texto e imaxe van xuntos, son complementarios.

Sen o texto non saberíamos, por exemplo, de onde proceden os cartos que conta este personaxe

O home que se casou con Ramona para aforrar unha criada



Ás veces as lendas son un comentario ou unha descrición e outras un diálogo entre os personaxes representados.




O home que vai ó concerto da filarmónica



O home no seu derradeiro esforzo



-Hai analfabetos moi listos.
-Tamén hai sabios moi burros.



-No cabe duda; es un monumento megalítico.
-Eiquí, na aldea chamámoslle pedras.


O artista adquiriu unha grande mestría na creación destes textos que progresivamente se foron simplificando.

Hai ocasións en que a mesma lenda, ou unha similar, acompaña a imaxes diferentes.

Debuxo pertencente á serie *Cincoenta homes por dez réas*.



O home que mercou un can para ter en quen mandar




Debuxo publicado na revista *Céltiga* e no xornal *Galicia*.

-Ten un can para ter en quen mandar


Castelao xogará cos propios personaxes representados dispoñéndoo en diferentes ambientes

Compara, por exemplo, este debuxo co que aparece na páxina catro onde se poden ver os mesmos protagonistas.



Vendo as obras de Castelao nas que aparece unha paisaxe cos seus elementos arquitectónicos, temos a impresión de que estamos ante unha imaxe que o artista copia como a ve. En realidade non é exactamente así, senón que se trata dunha obra creada por el a partir da combinación dunha serie de elementos que adoita repetir noutras situacións.

Un destes elementos é, por exemplo, a igrexa románica que viches nas páxinas catro, dezaseis ou vinteseis. Outros son os que podes ver nestas ilustracións.



A torre e o pazo de Guimarei, situados a pouca distancia da casa da dona do artista, serán motivo de inspiración de varias obras nas que se trata o tema dos foros ou a crise da fidalguía. Velaí dous exemplos:

DOS VIEJOS AMIGOS




-Escoita este refrán: "As casas dos señores van ás mans dos labradores"




Los foros y las oblatas

As pontes vellas que representa Castelao son as que popularmente se coñecen como romanas, aínda que en realidade son de épocas posteriores.


Sobre estas vellas pontes alombadas colocará ós protagonistas de varias escenas.




Ademais das obras expostas na Sala Castela e outras moi coñecidas, conta o Museo cuns oitocentos esbozos ou debuxos de reducidas dimensións. Adoitan ser as follas de pequenos cadernos de debuxos. En ocasións incluso papeis mal recortados e, ás veces, reaproveitados polas dúas caras.



Homes, mulleres, nenos, animais, árbores, costumes, restos arqueolóxicos ... son o motivo destes debuxos, a partir dos que crearía outras obras, moitas delas moi coñecidas.



Este debuxo serviu para compoñer o que tés na páxina catro ou unha das láminas do *Álbum Nós*.



Esta escena vólvese a atopar, con algunhas modificacións, noutras obras, como sucede coa lámina cinco do *Álbum Nós*.

Nese caso coa seguinte lenda:

-¡Que San Roquiño nos liberte de médicos, abogados e boticarios!





Na súa época de estudante de medicina, Castelao estaría en contacto directo nos hospitais coa dor e as penalidades dos enfermos e dos máis desfavorecidos da sociedade. Eles serán logo protagonistas de moitas obras.


Os personaxes deste debuxo aparecerán colocados diante da portada dunha igrexa románica tanto nunha obra publicada en *La Ilustración Española y Americana* (1915) como nunha lámina do *Álbum Nós*.




Velaí como a partir dos esbozos do Museo Castelao xoga cos protagonistas e as lendas



EN EL RETIRO



-Qué, buen caracol, ¿también te has casado tú con una joven?
(Debuxo publicado no catálogo-revista da Exposición Nacional de Humoristas, 1915)




O CAN.- ¿Tamén ti te casaches de vello?
(Debuxo publicado no xornal Galicia)




El tonto del pueblo

Entre todos estos debuxos hai algúns que son os esbozos de carteis ou ilustracións de revistas.



Os ex-libris son unhas marcas de propiedade que ás veces consisten nunhas tarxetas con debuxos que algunhas persoas pegan nos seus libros para indicar que son deles.

Castelao deseñou algúns destes ex-libris para os seus libros e os dalgúns amigos. Aquí tes dous exemplos dos que no Museo se conservan os orixinais.




Ex-libris para Filgueira Valverde

Ademais das obras gráficas xa mencionadas, conta o Museo con outros documentos, como discursos, homenaxes, textos das emisións radiofónicas, cartas, fotografías, obxectos persoais e a biblioteca deste sobresaínte persoeiro.

Entre estas valiosas testemuñas, cabe destacar o texto manuscrito do seu libro *Sempre en Galiza*.

Velaí o limiar e o deseño da primeira capa na que se ve o título que lle ía dar a este libro, no que expón a súa teoría política sobre Galicia.



Despois de vistas tantas obras como se gardan neste Museo sentirás curiosidade por saber como chegaron a el. Ímolo ver de forma esquemática.

1	Doazóns do propio artista.
2	<p>Obras incautadas polas autoridades vencedoras da Guerra Civil.</p> <p><i>O Museo evitou que se chegasen a vender, conseguindo que se depositasen nel de forma definitiva. Posteriormente a viúva e as irmás de Castelao renuncian ós seus dereitos en favor do Museo.</i></p>
3	<p>Obras deixadas ó Museo pola viúva e as irmás de Castelao, atendendo o desexo expresado polo el.</p>
4	<p>Doazóns de persoas que quixeron contribuir co seu xesto a manter unida e difundir a obra do artista a quen admiraron ou do que foron amgos.</p>
5	Compras feitas polo Museo

Son moitos os traballos e libros sobre Castelao. Velaí unha pequena bibliografía que podes consultar, entre outras, na Biblioteca deste Museo.

BALTAR DOMÍNGUEZ, R.: *Castelao ante la medicina, la enfermedad y la muerte*. Vigo, Bibliófilos Gallegos, 1979.

CASTELAO, 1886-1950. Madrid, Ministerio de Cultura, 1986.
(Catálogo da exposición celebrada con motivo de cumprirse cen anos do nacemento de Castelao).

CARBALLO-CALERO, M.V.: *Os Castelaos de Ourense*. Caixa Ourense, 1985.

CASTAÑO GARCÍA, X. M.: "A Estrada na obra gráfica de Castelao". *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*. Fundación Cultural da Estrada, Museo M. R. Portela, 1998.

"CASTELAO E BÓVEDA IRMÁNS!!". *A Nosa Terra*, extra 5-6. Vigo, Promocións Culturais Galegas, 1977.

CASTEJÓN RODRÍGUEZ, M^a B.: "A gravura de Castelao no Museo de Pontevedra". *El Museo de Pontevedra*, XL. Pontevedra, 1986.

CONGRESO CASTELAO (Santiago de Compostela. 1986): *Actas Congreso Castelao*. Santiago de Compostela, Universidad de Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Fundación Castelao, 1989.

DURÁN, J. A.: *El primer Castelao. Biografía y antología rotas, (1910-1916)*. Madrid, Siglo XXI de España, 1972.

DURÁN, J. A.: *Castelao en "El Sol"*. Madrid, Akal, 1976

FILGUEIRA VALVERDE, J.: "Castelao e o Museo de Pontevedra". *El Museo de Pontevedra*, XL. Pontevedra, 1986.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Os nosos humoristas: Castelao*. Escolma. Sada, 1982.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Castelao: caricaturas e autocaricaturas*. Sada, Edicións do Castro, 1986.

LEMBRANZA DE CASTELAO. Separata de *El Museo de Pontevedra*, XXX. Pontevedra, 1976.

MONTERROSO DEVESA, X. M.: *A emigración en Castelao*. Montevideo, Patronato da Cultura Galega, 1987.

NEIRA VILAS, X.: *Castelao en Cuba*. Sada, Edicións do Castro, 1983.

PAZ ANDRADE, V.: *Castelao na luz e na sombra*. Sada, Edicións do Castro, 1982.

PORTA MARTÍNEZ, P.: *1937, Castelao e Souto en Valencia*. Sada, Edicións do Castro, 1985.

SEOANE, L.: *Castelao artista*. Sada, Edicións do Castro, 1984.

SEOANE, L.: "Castelao artista". *Gran Enciclopedia Gallega*, V. Santiago, 1983.

Os libros publicados en vida de Castelao foron reeditados en diferentes momentos despois da súa morte. É o caso, por exemplo, de *Un ollo de vidro*, *Cousas*, *Os dous de sempre*, *Cincoenta homes por dez réas*, *As cruces de pedra na Galiza*. Os Álbumes de Guerra foron publicados integramente por Edicións A Nosa Terra en 1995 co título: *Galicia Mártir, Atila en Galicia, Milicianos. Estampas por Castelao*.

Moitos dos debuxos que aparecían a diario nos xornais *Galicia* e *Faro de Vigo* foron recollidos con posterioridade en varios libros co título de *Cousas da Vida*.

O Diario de Castelao conservado no Museo de Pontevedra, no que se recolle a viaxe que fixo en 1921 por Francia, Bélxica e Alemaña, foi editado en 1977 por esta institución e a Editorial Galaxia. A Deputación de Pontevedra realizou unha edición facsímil no ano 1986 co título *Diario 1921*.



DEPUTACIÓN DE
PONTEVEDRA



CAJA MADRID
OBRA SOCIAL